

CAPÍTULO XI

CONCLUSIONES E RECOMENDACIONES

CONSIDERACIONES FINAIS

Neste apartado final do Estudio sobre A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA pretendemos recoller algunhas consideracións en torno ós datos máis salientables aparecidos ó longo da investigación. Para non ser repetitivos e non alongar innecesariamente un texto xa extenso dabondo, centraremos os considerandos nuns poucos puntos de especial relevancia.

Este apartado das consideracións finais vai estar dividido en dúas partes básicas:

- a) Consideracións xerais sobre a convivencia
- b) Consideracións sectoriais aparecidas nas respostas ós cuestionarios

A) CONSIDERACIÓNS XERAIS

Consideración nº 1: visión polivalente da convivencia

O primeiro aspecto para destacar ten que ver coa propia visión ampla e polivalente que se ten adoptado como punto de partida deste estudo e que paga a pena resaltar como unha contribución importante de cara a unha aproximación completa ó tema da convivencia.

Existe unha certa tendencia a considerar os problemas de convivencia en termos de conflito e de violencia proxectando sobre eles unha forte carga de consideración negativa que, posteriormente, xustificará medidas eminentemente punitivas e de control (especialmente dirixidos en contra dos estudantes ós que se considera únicos “causantes” dos conflitos producidos na escola).

Estamos convencidos de que é preciso manter unha visión ampla e positiva sobre a convivencia e mesmo sobre a disciplina e sobre a adaptación. Unha perspectiva que sitúe a convivencia no marco da calidade dos procesos educativos e na procura da harmonía nas relacións. Dende esa perspectiva analizar a convivencia e os seus problemas é ben diferente de centrarse nas condutas conflictivas dos alumnos. Pola contra, a convivencia convértese nunha das dimensións que caracterizan a dinámica ordinaria dos centros e vén considerada como unha consecuencia desa dinámica institucional (o que significa que se existen problemas toda a institución forma parte, nas causas e nas consecuencias, deses problemas).

Consideración nº 2 : necesidade dunha perspectiva que vincule a convivencia coa calidade do ensino e a calidade de vida nos centros escolares

Visto o extensivo tratamento que nestes últimos anos se lle está a dar a este tema non cabe senón atribuírlle unha grande relevancia social e pedagóxica.

Nese sentido, resulta curioso que a virtual importancia atribuída ós temas relacionados coa convivencia (a violencia nas escolas, os problemas de disciplina, as dinámicas pouco facilitadoras de relacións enriquecedoras entre os diversos sectores da comunidade escolar, etc.) non se corresponde cunha políti-

ca positiva de accións ó respecto. Tense consumida máis enerxía nos comentarios de prensa (só nalgunha prensa), de corredor ou mesmo de informes e estudos especializados da que se ten consumida no establecemento de iniciativas innovadoras capaces de dar resposta ós tan mencionados problemas e abrir saídas cara ó futuro.

Cumpriría nese sentido prestarlles atención ós acordos da Conferencia de Utrech (1997) sobre *Seguridade na Escola* de cara a estender máis amplamente polas escolas galegas o seu contido e iniciar unha política preventiva na que estean implicadas tanto as comunidades educativas coma os poderes locais e as administracións públicas.

O obxectivo fundamental dunha política moderna de convivencia non pode ser outro que o de facer das escolas uns espacios seguros para o desenvolvemento persoal e social dos alumnos e dos profesores.

E se levamos a cuestión cara a un enfoque máis xeral, a convivencia non pode senón estar vinculada de preto á *calidade do ensino*. Os atrancos da convivencia son similares ós problemas e dificultades para acadar un tipo de ensino que logre superar a tendencia ó individualismo nos profesores, que supoña melloras nas condicións organizativas (tempos e espazos comúns, coordinación interna, funcionamento dos servizos de apoio, etc.), que reduza a inestabilidade do profesorado, que potencie o progreso nunha cultura participativa, etc. (Entrevista a directores e orientadores).

Consideración nº 3: a convivencia na escola non pode evitar as contradicións existentes no seu contorno social

Por moito que se elaboren discursos sofisticados e optimistas sobre o papel formativo e centrado na mellora persoal que desenvolven as escolas como institucións, ninguén pode esquecer que a escola non é un oasis, non ten unha identidade “*context free*” pois non pode subsistir á marxe da sociedade e da cultura na que está inservida. É por iso que a escola non pode deixar de ser o reflexo do que acontece na sociedade.

Nese sentido, as escolas de Galicia posúen características que as colocan nunha posición máis favorable que as escolas situadas en contextos sociais e culturais moito máis conflictivos. Na nosa Comunidade Autónoma non existen nin as condicións demográficas nin os contrastes étnicos, culturais e de modos

de vida que habitualmente fan máis problemática a convivencia social. Por eso mesmo as escolas ofrecen, alomenos polo de agora, unha imaxe máis tranquila e cohesionada da que se manifesta en estudos sobre as escolas doutros países.

Eso non significa, de calquera xeito, que a nosa sociedade non deba afrontar situacións que problematizan a vida social. Seguen a producirse importantes cambios no hábitat (abandono da vida rural e concentración progresiva nas cidades), segue vixente o enorme impacto social e económico producido polas crises dos sistemas productivos tradicionais en Galicia (agricultura de autoconsumo, pesca artesanal, sector naval...), mantense, aínda que sexa en contextos marxinais que ás veces non o son tanto, a difusión dunha cultura propicia ó enriquecemento e á promoción socio-profesional rápidos (contrabando, introducción de droga, especulación, etc.).

A ese panorama de conflito social poderíamos engadirlle algúns outros apuntamentos de tipo cultural que introducen fortes presións sobre todo en relación coa poboación escolarizada: altas cotas de paro e difíciles expectativas de emprego seguro, forte presión da competitividade, incremento progresivo das esixencias de cualificación, etc.

Pese a todo, aínda recoñecendo que a situación en Galicia non é idílica e que son moitos os problemas que distorsionan a cohesión social, as escolas non mostran niveis preocupantes de conflictividade. Os datos deste estudo ofrecen, pois, unha perspectiva xeral favorable con respecto á situación da convivencia nas escolas galegas. Perspectiva congruente, polo demais, cos estudos parciais de que dispoñemos no contexto español, aínda que non falten problemas puntuais de conflictividade maioritariamente referidos ás relacións entre estudantes e entre estes e os profesores, especialmente nos niveis de escolarización que están experimentando cambios actualmente.

Consideración nº 4: o papel da prensa como “amplificador” e, á vez, “difuminador” da realidade da convivencia nos centros escolares

Unha mención especial merece, neste apartado, a **prensa** e o xeito de tratar os problemas de convivencia nas escolas. Sen saber moi ben cómo, nos últimos anos creouse unha especie de *opinión pública compartida* sobre a presenza de fortes conflitos nos centros escolares. Non son poucos os medios de comunicación nacionais e internacionais que acoden con frecuencia a casos pun-

tuais de especial gravidade para insistir na “difícil situación que atravesan as escolas”.

Sen embargo, as noticias da prensa galega sobre educación nin son moitas nin reciben un tratamento significativo. E iso pese a que o ano revisado (curso 1997-98) foi especialmente importante para Galicia porque iniciábase a implantación da ESO, e estábase a traballar na definición da rede de centros. Con todo, a información aparecida, escasamente, supera os aspectos legais e certos incidentes episódicos acontecidos nese ano.

A prensa cumpriu, nese período, unha función de “altofalante” que os diversos sectores da comunidade escolar empregaban para dotar de maior resonancia ás súas reclamacións e posturas. Deste xeito as escolas aparecen na prensa coma suxeitos, axentes ou pacientes, de diversas reclamacións dirixidas sobre todo á admón. educativa: implantación da reforma, rede de centros, redución de cadros de persoal, problemas de horarios ou substitucións de profesores, problemas coa xornada escolar, etc.

As referencias á convivencia, *strictu senso*, foron moi escasas. É coma se os problemas relacionais non estivera ben airealos. De calquera xeitos aparecen, como pode verse nese capítulo, algunhas referencias a malos tratos (de profesores a alumnos) e de ameazas (de profesores a alumnos e viceversa). Pero son casos moi illados. Nalgún caso tamén aparecen casos de destrución das instalacións.

En todo caso, a imaxe que transmite a prensa ten bastante pouco que ver coas preocupacións que tanto profesores como directores, alumnos e pais foron manifestando neste estudio.

Consideración nº 5: as características particulares da escolarización imponen un certo nivel de conflito nas relacións

Por outra banda, ó considerar a convivencia na escola non podemos deixar de situar esa temática no contexto escolar e debemos por forza enfrontarnos á propia natureza da institución escolar. É ben sabido que a escola constitúe un sistema social que xera por si mesmo un elevado nivel de presión e violencia simbólica (e ás veces non tan simbólica) sobre os alumnos:

- A asistencia obrigatoria (que aínda se fai máis prolongada coa implantación da LOXSE)

- O cumprimento obrigado das esixencias curriculares e as tarefas que levan anexas
- A aceptación dunha convivencia forzada cos compañeiros
- A aceptación, tamén obrigatoria, dunhas normas e condicións de funcionamento (horarios, actividades, normas de convivencia, sistemas de avaliación e de premios e castigos, etc.)
- A aceptación da autoridade e das decisións dos adultos (profesores, directivos, admón. educativa, etc.) non sempre suficientemente consensuadas.

En moitos casos estas limitacións son facilmente asimilables polo alumnado. Sobre todo naqueles casos nos que as cousas rodan ben. Pero en moitos outros casos os sistemas de adaptación fanse máis problemáticos e aparecen os conflitos.

Pero dadas as condicións citadas, parece lóxico aceptar que os conflitos van estar necesariamente presentes na vida escolar (como na familiar ou na laboral). A existencia de conflitos non indica pois “anormalidade” no funcionamento do sistema. Posiblemente sería máis preocupante que non apareceran conflitos pois iso significaría un control máis forte ou un enmascaramento dos problemas.

Esa visión desdramatizada dos conflitos como parte da vida normal de institucións complexas como son as escolas (nalgúns casos especialmente complexas polo tamaño, heteroxeneidade curricular, nº de alumnos por grupo, etc.) non resulta preocupante. Moitos dos datos referidos ós conflitos existentes e constatados neste informe teñen que ver con ese substrato de “complicación ordinaria” das dinámicas institucionais.

Consideración nº 6: a especial opacidade da convivencia

Os investigadores/as de temas relacionados coa problemática da convivencia (sobre todo na súa vertente máis negativa: violencia, maltratos, etc.) concordan á hora de sinalar a dificultade existente para achegarse a datos fiables sobre a situación. Nalgúns casos pola tendencia a dar unha “boa imaxe” do propio centro e do propio traballo, noutros casos por una tendencia esaxerada a centrarse na casuística, noutros por temor ás consecuencias da información subministrada, ou por razóns varias, a cuestión está en que resulta difícil chegar a

elaborar unha imaxe “crible” da situación estudada. Diríase que a convivencia e os conflitos xerados no seu arredor constitúen un tema tabú do que as persoas implicadas prefiren non falar ou do que aceptan falar só despois dun longo período de coñecemento mutuo entre investigadores e informantes.

Esa circunstancia obriga os investigadores a rexeitar dos seus propios datos e a buscar fontes de confrontación.

No desenvolvemento deste estudo sobre a convivencia nos centros escolares galegos o equipo de investigación pasou tamén por estes momentos de “incredulidade” con respecto ás informacións que os diversos sectores da comunidade escolar nos ían subministrando a través dos cuestionarios. Como pode constatarase nos diversos apartados do estudo, a visión que van ofrecendo os cuestionarios é realmente positiva en case todos os aspectos sometidos a consideración. As dúbidas foron *in crescendo* e vímonos obrigados a introducir novas análises non previstas no deseño inicial: entrevistas en profundidade a directores de centros virtualmente “problemáticos” ou cunha significación especial (cap. ... deste estudo); entrevistas a orientadores de centros especialmente de secundaria e cunhas características que os convertían en escenarios de referencia en temas de disciplina e convivencia (cap... deste estudo); recollida de noticias de prensa para analizar cál é a imaxe que os medios de comunicación escrita estaban a dar da escola e da problemática escolar.

A triangulación dos datos, a través dun contraste tan variado de fontes de información, non altera a visión de conxunto da situación e podemos seguir mantendo esa valoración positiva da convivencia en Galicia (con tódolos matices que nos diversos apartados foron aparecendo e que deben ser tomados en consideración).

Consideración nº 7: alumnos por clase

Aínda que non é este o obxecto central deste informe, os datos acadados permítenos reflexionar unha vez máis sobre a situación demográfica das clases en Galicia.

Varias constatacións poden facerse ó respecto a partir das respostas dos diversos sectores participantes neste estudo:

- Os profesores informan (táboa P-5) de que a situación nas súas clases está bastante normalizada en xeral. Pero aínda subsisten clases con máis de 30 alumnos/as (o 32,1 % dos profesores participantes neste estudo atópanse nesta situación).

- Os alumnos informan (táboa A-4) dunha situación que confirma eses datos do profesorado. O número de alumnos é alto en moitas clases: a porcentaxe máis alta de alumnos/as asiste a clases de entre 31-35 alumnos; o 67 % dos alumnos que participan neste estudo están en clases de máis de 25 alumnos. Se lembramos que unha parte importante deles pertencen á ESO podemos entender a especial dificultade que esta *ratio* supón de cara a manter unha convivencia rica e estimulante.

Consideración nº 8: o incremento da heteroxeneidade na nova etapa educativa da ESO

Tanto os orientadores como os directores fan resaltar o novo escenario en que se está a desenvolver o traballo docente nos centros escolares, sobre todo a partir da LOXSE. Nese sentido, a atención á diversidade e ás particulares condicións do alumnado que accede á ESO vai ser, na súa opinión, que coincide coa de moitos expertos, o gran reto dos próximos anos.

Profesores afeitos a traballar con grupos homoxéneos (ou relativamente homoxéneos) vense agora abocados a levar adiante a súa actuación docente con grupos dunha enorme heteroxeneidade e unha motivación moi variable. Esta situación está a producir unha fonda preocupación en moitos profesores, sobre todo naqueles máis sensibles á calidade do ensino.

Cómpre pois poñer en marcha mecanismos novos (organizativos, curriculares, relacionais) capaces de buscar saídas ó momento de confusión que vive a profesión docente na actualidade.

O que está a acontecer nalgúns casos é que os problemas cos alumnos acaban provocando problemas entre profesores, coa dirección do centro escolar e finalmente coas familias. Isto é, todo o marco relacional e o clima de traballo nos centros estase a resentir fortemente polas dificultades de adaptarse mutuamente institucións escolares e necesidades dos alumnos.

Consideración nº 9: a problemática particular dos repetidores

Unha das circunstancias máis perturbadoras do desenvolvemento da convivencia, na opinión dos orientadores (pode verse a análise da entrevista colectiva con eles/as), é a presenza masiva de repetidores nas aulas.

A dimensión obxectiva deste fenómeno podémola extraer dos datos ofrecidos polos profesores/as. Se tomamos en consideración os datos ofrecidos por eles (táboa P-6), temos neste momento bastantes aulas cun número elevado de repetidores: un 20 % dos profesores/as participantes neste estudio sinalan a existencia de 5 ou máis repetidores nas súas clases.

Tamén neste caso, como se sinalaba no punto anterior, cómpre dinamizar os procesos de innovación curricular e organizativa nos centros escolares de forma que se promova un modelo curricular máis flexible, con metodoloxías activas e diversificadas.

Os colectivos participantes neste estudio non están moi de acordo con que os repetidores creen máis problemas de convivencia nas clases (poden verse as Táboas referidas ás crenzas sobre convivencia: P-48; A-55; N-55) pero, como insisten orientadores e directores, non pode negarse que crean un clima diferente, sobre todo cando son moitos na mesma clase. Deixar o problema nas mans dos profesores para que cada un deles resolva a situación como poida é, cando menos, unha mala solución. A institución no seu conxunto debe responsabilizarse do problema dos repetidores e establecer iniciativas e apoios que permitan dar unha resposta máis adecuada ás súas necesidades.

Consideración nº 10: escasa incidencia da variable situación

Na organización deste estudio non podía faltar unha consideración particular ás características particulares dos centros escolares. Fundamentalmente tivéronse en conta tres: o nivel educativo, a situación dos centros e a súa titularidade.

Tanto a variable nivel educativo como a variable titularidade dos centros marcaron notables diferencias na particular “versión” que sobre a convivencia fan os sectores da comunidade educativa de cada tipo de centros: a convivencia é vista e vivida de xeito diferenciado segundo cál sexa o nivel educativo e tamén segundo a especial cultura institucional que caracteriza os centros escolares de acordo coa súa titularidade.

Nembargantes, a situación dos centros resultou unha variable de escasa incidencia nos diversos asuntos analizados neste estudio. Pese á importancia que habitualmente se lle outorga a “vivir nun barrio das cidades” como factores que inciden nas modalidades de comportamento e adaptación ás escolas, no noso estudio iso non aparece dun xeito claro. Posiblemente porque tampouco existen en Galicia centros escolares especialmente marcados por circunstancias

de marxinalidade e inadaptación social do seu contorno. Mesmo é esta unha das causas dos problemas de convivencia que máis foi rexeitada polos diversos sectores participantes no estudio.

Pola contra tampouco se confirmou o caso contrario: os centros rurais non son máis tranquilos ou menos proclives á aparición de problemas de convivencia ou de atrancos nas relacións interpersoais.

En definitiva, a dinámica establecida nos centros escolares galegos no que á convivencia se refire mantén uns patróns bastante similares sexa cal sexa a *situación* na que se atopen (cidade, vila ou zona rural).

Consideración nº 11: tendencia á positividade dos sectores encadrados en centros privados e concertados

Trátase dunha circunstancia habitual neste tipo de estudos: os centros privados e concertados transmiten, sexa cal sexa o sector que informe e o asunto valorado, unha visión máis positiva que os centros públicos.

As posibilidades de “interpretar” esa orientación son múltiples: dende a necesidade de presentar unha “boa imaxe” dos centros ata a consideración das particulares circunstancias institucionais e contractuais dos informantes. Pero en todo caso é ben certo que ó constituír unha tendencia xeral, dificulta fortemente as análises (sobre todo as comparativas) e esixe unha especial atención para non extraer conclusións simplistas (por exemplo, a de crer que se os datos son mellores iso indica que os centros privados e concertados son tamén mellores que os públicos en todos os aspectos estudados).

Ó longo do estudio e a medida que se presentan os resultados vaise facendo esta mesma consideración. A opción de eliminar a variable no seu conxunto tampouco pareceu adecuada pois no fondo os datos están aí, presentan unha visión diferente dos asuntos tratados e non parece lóxico, nin técnica nin politicamente, pasalos por alto. No que si temos que insistir, unha vez máis, é na dificultade de levar a cabo análises comparativas.

Consideración nº 12: tendencia á positividade dos directores/as

Neste estudio, repítese a tendencia dos directores (xa constatada en estudos de anos anteriores) a transmitir unha impresión moi positiva da situación dos centros dos que son responsables (esta é unha tendencia xeral: pode verse unha mostra na táboa D-17).

Esa tendencia pode deberse a diversas razóns:

- A existencia dunha certa resistencia a facer transparentes as situacións que van afrontando os sucesivos informes. A coñecida tendencia dos responsables de centros a dar a “mellor imaxe” da súa institución, o desexo de non prexudicar a ninguén, a idea de non transmitir mensaxes que poidan preocupar ós pais que levan os seus fillos ó centro, etc. poden estar influíndo nesa tendencia (só hipotética) a “lavar a cara” do propio centro.
- A que o discurso político xeral acaba incorporándose á percepción da realidade escolar. Pero isto resultaría claramente negativo porque se teñen moitas evidencias de que a autosatisfacción é un dos inimigos máis importantes no desenvolvemento escolar e a mellora da calidade do ensino.
- Que se aprecia en pouco a importancia destes informes anuais. Visto que non se deriva deles ningún tipo de consecuencia práctica ou que non se incorporan dispositivos destinados a afrontar aqueles aspectos que aparecen nos sucesivos informes como deficitarios ou mellorables, pode chegar o desánimo e pensar que non paga a pena o esforzo de tentar ser realistas e honestos nas respostas pois diso podería derivarse unha mellora efectiva da súa solución.
- Que efectivamente os directores e directoras nin menten nin intentan disfrazar os problemas senón que sinxelamente eses problemas non se manifestan de forma preocupante nos seus centros e eles o único que fan é certificar esa situación.

Á vista das informacións cruzadas e dos datos ofrecidos polos diversos sectores, só cabería constatar unha certa tendencia dos directores a dar unha visión algo máis positiva da situación. Pero nin no xeral nin no particular a visión que eles ofrecen se aparta en exceso da que ofrecen os outros sectores (incluídos os alumnos e os pais que normalmente adoitan ser máis críticos).

Consideración nº13: desequilibrios de xénero (nas familias)

Aínda que constitúe unha consideración fóra do noso obxecto de estudos non podemos deixar de salientar algún dos datos que ofrecen as respostas dos pais/nais con respecto á estrutura das familias participantes neste traballo.

Nese sentido, pode apreciarse un forte desequilibrio entre o *status* dos pais (a maior parte deles traballando por conta allea) e o das nais (máis do 50 % dedicadas ós seus labores) (táboa N-5).

Completa esta visión demográfica o dato de que a maior parte das familias participantes teñen entre un e tres fillos, sendo as más numerosas (case o 50 %) as que teñen dous (táboa N-6).

B) CONSIDERACIÓNS SOBRE A TEMÁTICA TRATADA

B.1 VALORACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA

Consideración nº14: valoración xeral positiva sobre a convivencia

En xeral, todos os colectivos tenden a ofrecer unha visión positiva do clima relacional e da convivencia que se vive nos centros escolares. Xa sinalamos nun apartado anterior a forte tendencia dos directores a dar unha imaxe positiva dos centros que dirixen.

Tamén os profesores/as transmiten esa impresión de que a convivencia é moi positiva entre todos os sectores, pero sobre todo entre os propios profesores (táboa P-15). Esa positividade é maior nos profesores que ensinan en centros de primaria e primaria + ESO e descende na ESO e na FP (táboa P-16).

A visión que ofrecen os alumnos mostra unha tendencia a situar as cousas no ámbito do “normal” (táboa A-5). A convivencia aparece máis valorada polos alumnos de primaria e os de primaria+ESO e menos polos de FP. Por outra banda, a convivencia entre profesores e alumnos e a que existe entre profesores é máis valorada polos alumnos de primaria que polos que están en secundaria, e tamén máis polos das zonas rurais que polos de cidade (táboas A-6 e A-7).

Os pais presentan a este respecto unha visión tamén positiva aínda que con matices. Tal como eles analizan a situacións as relacións son mellores entre os alumnos e entre alumnos e profesores que entre os propios profesores (táboa N-7. N-8 e N-9). Esa valoración xeral positiva é maior nos pais de primaria e nos da periferia das cidades. Tamén son boas as relacións coas familias, valoración que aumenta no caso dos pais de zonas rurais.

Consideración nº 15: relacións problemáticas coa admón. educativa

Nas valoracións que fan os directores son as relacións coa administración educativa as que resultan menos positivas (táboa D-8). A dinámica cara ó interior dos centros aparece como máis valorada que a dinámica cara ó exterior.

Esta mesma situación aparece nos datos dos profesores (táboa P-7): valóranse como positivas en xeral as relacións entre os diversos sectores escolares; pero as valoracións descenden de xeito significativo ó referirse ás que manteñen as escolas coa admón. educativa.

As relacións coa admón. educativa son as que reciben, tamén no caso dos pais, unha valoración máis baixa (táboa N-7).

Cumpriría tomar en consideración este aspecto para reinstaurar, sobre todo no que se refire ás relacións coa admón. educativa un tipo de relación que sexa vivida como de apoio e colaboración.

Consideración nº16: relacións difíciles coas familias

Curiosamente as relacións coas familias son valoradas menos positivamente pola institución escolar (directores e profesores) que polas propias familias (táboas D-8; P-7; N-7). Trátase, por outra banda, dunha valoración que non só non mellora senón que tende a empeorar a medida que se progresa na escolaridade (táboa P-9 e P-10).

Sen embargo, as relacións coas familias aparecen coma un dos puntos claves salientados polos directores e orientadores entrevistados. Na súa valoración, as relacións actuais coas familias non son negativas nin especialmente conflictivas pero tampouco son ricas. Máis ben cabería describilas como inestables, superficiais e pouco aptas para potenciar un grao máis elevado de implicación e compromiso por parte das familias nas tarefas educativas dos centros. Ó final, acaban concentrándose, en moitos casos, nos problemas que se van presentando (só hai contacto cando aparece algún problema particular).

Nalgún caso cítase a necesidade dunha relación fluída para poder levar adiante unha auténtica política de convivencia nos centros escolares. Sinálase que é importante a participación das familias para darlles significado e cumprimento ás medidas disciplinares adoptadas polo consello escolar. Cando os pais colaboran nese proceso as cousas corren ben e os resultados son positivos.

Cando os pais fan causa común cos alumnos tende a producirse unha ruptura institucional (pais e alumnos contra profesorado) e a posibilidade dunha actuación disciplinar coherente e dunha convivencia pacífica vaise diluíndo.

Consideración nº 17: as aulas como nichos privilexiados de relacións positivas

Esta consideración ten unha parte positiva indubidable: as relacións son mellores dentro da clase que no conxunto do centro escolar (táboas P-7 e P-10). Os profesores ven como máis positivas as relacións existentes entre os alumnos da súa clase (63,5 % de respostas positivas) que as existentes entre os alumnos do centro no seu conxunto (48,1 %). O mesmo acontece nas relacións entre profesores e alumnos: son mellores no seo da propia clase (68,3 %) que no conxunto do centro (59,6 %).

Os alumnos/as ofrecen un panorama interesante ó respecto da convivencia nas clases. Na súa percepción son mellores as relacións entre alumnos que as existentes entre alumnos e profesores. E, o que resulta máis importante, esas relacións van empeorando a medida que se ascende na escolaridade (cunha importante caída das valoracións sobre as relacións entre profesores e alumnos: de ser altas en primaria caen dramaticamente nos seguintes niveis da escolaridade) (táboa A-8).

Consideración nº 18: a problemática particular da ESO

A convivencia vai tendo valoracións menos positivas a medida que avanza a escolaridade (táboa D-10). E son mellores nos centros que atenden só á ESO que naqueles outros nos que a ESO comparte espacio con outros niveis educativos.

O tema da ESO está presente dun xeito constante neste estudo, tanto nos datos dos cuestionarios como nas referencias máis cualitativas das entrevistas. Esta parte final da escolaridade obrigatoria polas súas características e a súa integración coa secundaria postobrigatoria constitúe un dos momentos máis vulnerables en relación coa convivencia.

Consideración nº 19: os aspectos cualitativos da convivencia

Na análise dos aspectos básicos da convivencia que fan os directores e profesores aparecen como factores máis valorados o do *trato persoal* e o *clima de diálogo* sobre calquera dos outros mencionados. Pola contra os aspectos menos valorados teñen que ver cos aspectos máis centrados no control (a *disciplina*) e o mantemento de *orde e silencio* (táboas D-13; P-12). Esta situación é aplicable a todos os niveis.

A *ausencia de pelexas* e o *bo trato ós profesores e en xeral* son os aspectos máis valorados da convivencia por parte dos alumnos/as. En xeral, este sector ofrece unha visión moi parecida á dos adultos. Tampouco eles lles dan importancia a aspectos como a disciplina, a linguaxe, etc. (táboa A-11).

A visión dos pais é máis pragmática e vinculada ó cumprimento das obrigas académicas (asistencia a clase). De calquera xeito tamén presentan como elementos de grande relevancia o trato entre as persoas e a ausencia de pelexas e agresións (táboa N-12). Menos valorados aparecen, en cambio, os aspectos “duros” da disciplina, o mantemento de orde e silencio, o coidado dos materiais, etc.

Consideración nº 20: os problemas cos “maiores”

Polo xeral, o sector do alumnado ofrece unha visión positiva de como van as cousas nos seus centros escolares no que se refire á convivencia. Valoran especialmente o trato recibido por eles por parte dos seus titores e tamén polos compañeiros.

Unicamente os alumnos de primaria se queixan, aínda que nunha porcentaxe bastante limitada, do trato dos seus compañeiros maiores (táboa A-15).

De feito, algúns deles (o 14 %) estarían dispostos a cambiar de centro na procura dun mellor clima de convivencia (táboa A-19). A porcentaxe non é moi elevada pero paga a pena considerala. Ese grupo de alumnos e alumnas pouco satisfeitos está igualmente distribuído nos diversos niveis (táboa A-20) e nas diversas zonas de localización dos centros (táboa A-21).

Nesa idea, en todo caso, non os apoian moito os seus pais, pouco partidarios de levar a cabo ese cambio. Entre os que si o farían (un 10,6 % das familias) predominan algo máis os de centros públicos.

B.2 VALORACIÓN DA NORMATIVA SOBRE CONVIVENCIA

Consideración nº 21: existencia e localización da normativa sobre convivencia

Os centros escolares contan cunha normativa específica para regular a convivencia que se sitúa, polo xeral, no Regulamento de réxime interior e no PEC (táboa D-19; P-17). Pola contra, non son frecuentes os documentos específicos. E cando existen resultan moi episódicos e heteroxéneos en canto á súa natureza e carácter.

No que se refire ó posicionamento dos alumnos con respecto a este punto destaca o seu grande descoñecemento: case a metade deles, e con respecto a algúns ítems aínda máis, sinalan que non saben (táboa A-22). Curiosamente o nivel de coñecemento é maior na primaria que nas etapas sucesivas (táboa A-23).

O que cabe salientar das respostas dos pais/nais en relación con este punto é o seu grande descoñecemento desta cuestión: máis da metade deles non responden (táboa N-18). Entre os que si o fan predominan as familias con fillos en primaria e ESO, as das cidades e as que levan os seus fillos a centros privados ou concertados (táboas N-19 e N-20).

Consideración nº 22: procesos de elaboración da normativa

Nestes procesos prodúcese unha participación privilexiada por parte de profesores e directivos (táboa D-26). De calquera xeito, o nivel de implicación dos diversos sectores varía moito, alomenos na percepción dos directores/as, nos diversos niveis educativos (táboa D-27): os alumnos comezan a ter máis protagonismo nos centros de secundaria.

A normativa non é rixida e estable senón que se vai revisando periodicamente (táboa D-31).

Consideración nº 23: coñecemento da normativa polos diversos sectores

Na visión que dan os directores poderíamos deducir que as normas son ben coñecidas por parte de equipos directivos e de profesores pero escasamen-

te coñecidas polos alumnos e familias (táboa D-26). O coñecemento por parte do profesorado faise máis endeble (segundo os directores) nos centros situados en vilas (táboa D-36). Os directores de centros privados e concertados manifestan un maior grao de satisfacción co respecto ó nivel de coñecemento da normativa que rexe a convivencia (táboa D-37).

A visión dos profesores é moi similar: atribúenlle ó profesorado un mellor coñecemento da normativa (atribución que vai descendendo no BUP-COU-BACH e FP), e un coñecemento normal-baixo ós alumnos e familias (táboa P-19).

Os pais/nais recoñecen e confirman ese escaso coñecemento da normativa que lles atribúen directores e profesores (táboa N-22).

Consideración nº 24: satisfacción coa normativa sobre convivencia

En xeral, tanto directores como profesores maniféstanse máis satisfeitos co contido e utilidade da normativa existente que co uso que se fai dela e co compromiso dos diversos sectores na súa salvagarda (táboas D-38; P-22). Nese sentido, segundo os directores, poden constatarse importantes diferencias en relación co compromiso nas diversas etapas: decae nos centros de BUP-COU-BACH (táboa D-40). Prodúcese tamén unha tendencia á baixa nos centros escolares situados en vilas e zonas rurais (D-41).

Tamén os alumnos fan unha descrición similar da súa satisfacción con respecto ás normas: son aceptables no que se refire á súa utilidade pero non están ben asentadas no que respecta ó uso e ó compromiso (táboa A-25). A satisfacción dos alumnos diminúe moito en BUP-COU-BACH e na FP (táboa A-26).

As respostas dos pais reflicten un nivel elevado de satisfacción, sobre todo con respecto á súa utilidade. Non é tan boa a súa visión do compromiso dos diversos sectores en relación coas normas. Tampouco se mostran moi satisfeitos do papel que xogan os pais (táboa N-26).

Consideración nº 25: existencia e características da normativa sobre convivencia no que se refire ás aulas

Os profesores e profesoras transmiten a versión de que efectivamente existe unha normativa específica sobre convivencia nas súas clases, pero trátase dunha normativa normalmente implícita e non escrita. Na súa opinión iso non é óbice para que os alumnos non a coñezan ben (táboas P-25 e P-26).

Trátase, en xeral, dunha normativa feita polos profesores e que conta con pouca participación do alumnado. Curiosamente esa participación non só non aumenta senón que diminúe co paso dos anos e a medida que os alumnos van progresando na súa escolaridade (táboa P-29).

Os alumnos e alumnas ratifican a existencia desa normativa centrada nas clases e mesmo a consideran apropiada e xusta (táboa A-28). Remarcan o feito de non ter participado na súa elaboración, de coñecela só medianamente e de non saber se está ou non escrita nun documento específico. Tamén neste caso as puntuacións decrecen a medida que aumenta a escolaridade (táboa A-29).

Profesores e alumnos coinciden en que se trata de normas que tenden a regular sobre todo aspectos do comportamento nas clases e a forma de tratarse entre os alumnos e os profesores (táboas P-30 e A-31). Na etapa de secundaria van aparecendo tamén como aspectos salientables da normativa de clase cuestións relacionadas con horarios, coa asistencia a clase, co trato que se lles vai dar ós recursos do centro e ás pertenzas dos outros. Na ESO dásele importancia tamén á linguaxe (táboas P-31 e A-32).

Tamén os pais/nais teñen unha impresión similar con respecto ós aspectos recollidos na normativa das clases: horarios, comportamento e trato, uso de materiais, etc. Podemos ver que todas as valoracións baixan na FP e nos centro que comparten ESO e BUP-COU (N-31 e 32).

Consideración nº26: o respecto ós dereitos dos alumnos

Trátase dunha cuestión de grande interese e á que os responsables da acción educativa, tanto dende a administración como dende os propios centros escolares, deberían prestar especial atención.

É interesante constatar que os alumnos e alumnas están satisfeitos en relación co respecto que se lles presta a algúns deste dereitos básicos: de expresión, de trato igualitario, de uso dos recursos dos centros escolares, etc. Pero esa valoración decrece ó referirse ó dereito a participar na toma de decisións e a posibilidade de reclamar nas avaliacións (táboa A-34).

Salvado o aspecto do crecemento dos propios alumnos e o natural incremento da súa postura crítica, resulta tamén un aspecto para tomar en consideración o feito de que as valoracións sobre o respecto ós propios dereitos como alumnos e alumnas vai descendendo sistematicamente a medida que aumenta a escolaridade (A-35).

B.3 CONFLICTOS

Consideración nº 27: visión xeral da convivencia entre os sectores

A táboa D-43 e o gráfico que a representa resulta moi expresiva da visión dos directores con respecto á convivencia. Non existen problemas serios de convivencia entre os diversos sectores da comunidade educativa, a excepción dun pequeno repunte pouco significativo entre alumnos (que se centra sobre todo no nivel de BUP-COU-BACH e no de primaria+ESO: táboa D-45).

Os profesores redundan nesa visión positiva das relacións entre os diversos sectores: as cousas corren ben ou moi ben entre profesores e só aparecen pequenas dificultades nas relacións entre profesores e alumnos (táboa P-32). Son especialmente boas as relacións coa dirección dos centros en todos os niveis educativos (táboa P-34).

Esa perspectiva positiva mantense, aínda que mudando certos matices, cando escoitamos os alumnos (táboa A-37). Na súa opinión os conflitos son máis entre alumnos e entre profesores e alumnos (excluíndo os titores e tamén a dirección dos centros escolares). Os conflitos tenden a pasar de ser entre alumnos a ser entre alumnos e profesores a medida que aumenta a escolaridade (táboa A-39).

Tampouco os pais atopan unha presenza significativa de conflitos entre os diversos sectores da comunidade educativa. Cando se producen acontecen sobre todo entre alumnos e entre alumnos e profesores (táboa N-33). Segundo a perspectiva dos pais, nos centros nos que a ESO está con BUP e COU prodúcese un forte incremento de conflitos tanto entre profesores e alumnos como entre profesores e entre profesores e dirección (táboa N-35). Este aspecto merecería unha especial consideración por parte dos responsables da educación nos próximos anos.

Consideración nº 28: tipo de conflitos máis frecuentes

Unicamente son salientables as *agresións verbais* (insultos, menosprezos, etc.). Os outros conflitos mencionados a penas si existen segundo os directores (táboa D-51). Algún dos conflitos mencionados como os *roubos* ou as *deterioracións das cousas* aparecen cunha frecuencia algo maior nos centros de BUP-COU-BACH (táboa D-53).

Os directores de centros privados e concertados tenden a negar a presenza de conflitos nas súas institucións agás no que se refire á *deterioración das cousas* (que aparecen en maior proporción que nos outros tipos de centros) e ós insultos.

Por parte dos profesores a opinión é bastante coincidente: son eses conflitos menores (agresións verbais, problemas coa rutina e esixencias do traballo escolar diario, etc.) os que aparecen máis frecuentemente. Pero non existen problemas máis fortes: non chega ó 1 % os conflitos coa droga (fronte a un 51,8 % que sinalan que ese problema non aparece *nunca* nos seus centros); non se mencionan tampouco agresións físicas ós profesores/as (83,1 % de respostas en *nunca*), (táboa P-35).

Os alumnos tenden tamén a negar a presenza de conflitos nas súas clases, alomenos no que se refire a conflitos serios (agresións, violencia, etc.). Abundan máis, na súa opinión, os conflitos de “baixa intensidade”: incumprimento de tarefas, agresións verbais entre alumnos, faltas de asistencia e algunhas deterioracións das cousas. As porcentaxes de problemas graves que inclúan agresións físicas ou verbais ó profesorado ou mesmo entre alumnos son baixas (4,5 % de agresións físicas a profesores; 11,1 % de agresións físicas entre alumnos) aínda que non por iso menos importantes á hora de revisar a convivencia nos centros escolares (táboa A-42).

Nesta perspectiva que ofrecen os alumnos, os conflitos relacionais son máis frecuentes na ESO e os conflitos de tipo académico nos cursos de BUP-COU-BACH e FP.

A contribución dos pais e nais neste punto mostra unha liña de continuidade na valoración dos outros sectores escolares: detectan pouca presenza de conflitos e os que existen teñen que ver máis coas agresións verbais, faltas de asistencia, etc. Non se producen conflitos relacionados con agresións físicas, maltratos ou problemas coa droga (só un 3,4 % dos pais aluden a problemas coa droga) (táboa N-40).

Polo que se refire a problemas concretos, os datos dos pais sinalan (manténdose sempre nunhas porcentaxes moi baixas) máis roubos na ESO; algo máis de agresións físicas en BUP-COU-BACH; a droga que repunta levemente en BUP e FP (táboa N-42). Non aparecen diferencias en razón da situación dos centros (N-44).

Consideración nº29 : lugar dos conflitos

Na opinión dos profesores os espacios escolares máis propicios á aparición de conflitos son os patios e os corredores. As clases son espacios máis seguros e normalizados (aínda que algúns poucos profesores da ESO e da FP tamén mencionan algúns conflitos nas súas clases) (táboa P-39).

Esa é tamén a valoración que fan os alumnos (táboa A-46 e A-47) que, non obstante, engaden á idea dos patios (máis frecuente en primaria) a dos espacios que están fóra do centro (sobre todo nos centros de secundaria).

Consideración nº 30: causas dos conflitos

Na perspectiva dos directores son os *problemas familiares e os individuais* así como a *falta de motivación e o ambiente social* as causas principais da aparición de conflitos (táboa D-63). En definitiva trátase sempre de causas externas ó propio centro escolar. A *falta de motivación* como causa de conflitos de convivencia é máis mencionada nos diversos niveis da secundaria (táboa D-65). Os *problemas familiares e sociais* aparecen máis resaltados nos centros das cidades (sobre todo os da periferia) que nos situados en vilas e zonas rurais (táboa D-68)

Tamén os profesores/as acoden máis a explicacións que centran nos factores individuais, sociais ou familiares as causas dos conflitos de convivencia (os problemas familiares e a falta de motivación aparecen como as causas principais). En cambio, eluden vincular os conflitos coas condicións académicas e pedagóxicas dos centros escolares (só na ESO e en BUP-COU-BACH uns poucos profesores aceptan esa posibilidade) (táboas P-43 e P-45).

Os alumnos e alumnas non teñen reflexionado moito sobre este aspecto, pero en xeral están máis dispostos a negar a incidencia dos factores salientados que a aceptala. Polo xeral, tenden a excluír como causas dos conflitos de convivencia as vinculadas á institución escolar e a salientar as referidas a eles mesmos ou ás súas circunstancias académicas (táboa A-52). Diríase, por outra banda, que os alumnos/as se van facendo máis conscientes da importancia dos seus problemas académicos a medida que ascenden na escolaridade e tenden, nese sentido, a atribuírse a si mesmos ou ós seus problemas a causa dos conflitos (táboa A-53).

Os pais aluden ós problemas familiares, problemas individuais e á falta de motivación como causas inmediatas dos conflitos. Danlles moita menos importancia a aspectos como a actuación do profesorado, o ambiente social do centro escolar, a atención que se lle presta á convivencia e a masificación no centro (táboa N-47). De todos eses factores rexeitan especialmente o que ten que ver co ambiente social do centro.

Os pais con fillos en primaria e na ESO remarcan máis a importancia dos factores familiares. Os pais con fillos en BUP-COU-BACH resaltan máis a importancia dos factores individuais. Na FP aparecen como máis mencionados os temas relativos a aspectos conxunturais.

Consideración nº 31: conflitos entre profesores

Os profesores negan que existan conflitos entre eles (Táboa P-46). Dende logo non existen problemas graves como agresións físicas ou verbais. O que si recoñecen bastantes é que o problema máis estendido é o da *inhibición* na marcha do centro (un 14 % de respostas negativas e un 21,3 % na zona neutra).

Os alumnos describen tamén de xeito moi positivo a relación entre os seus profesores/as (táboa A-58) pero esa valoración vai descendendo de xeito moi significativo a medida que progresan na escolaridade (táboa A-59).

Especial atención lle conceden a este punto tanto os directores coma os orientadores entrevistados. A convivencia mantida sempre presenta problemas que hai que afrontar como parte normal da cotianeidade. Mesmo a non existencia de conflitos pode ser indicadora dunha relación pouco intensa ou simplemente nula.

Esta cuestión adquire unha relevancia especial neste momento en que teñen que convivir profesores provenientes de distintos niveis educativos. As relacións entre profesorado de primaria e de secundaria non están a resultar fáciles nestes primeiros momentos de integración. Ambos os colectivos deben superar anteriores estereotipos e ir consolidando pautas de convivencia e cooperación que lles permitan non só vivir xuntos senón desenvolver proxectos e iniciativas educativas conxuntas.

Consideración nº 32: crenzas sobre convivencia e conflitos

Varias ideas básicas sobre a natureza e condicións da convivencia son asumidas como certas polo profesorado participante neste estudo (táboa P-48): a influencia da familia, a influencia do estilo de dirección escolar, a influencia da metodoloxía didáctica empregada polos directores, a influencia da participación na toma de decisións.

Pola contra, rexeitan a idea de que os conflitos poidan ter un sentido positivo e servir de desculpa para reestructura modalidades viciadas de convivencia.

As crenzas manifestadas polos alumnos con respecto á convivencia son bastante acordes coa posición dos seus profesores/as. Comparten amplamente a afirmación de que a forma de levar a clase inflúe na convivencia e tamén a idea de que os alumnos con mellores notas presentan menos problemas de convivencia. Tenden, pola contra, a negar a validez das exclusións e non lles botan a culpa ós seus profesores dos problemas (táboa A-55).

Os alumnos/as da ESO son especialmente sensibles á incidencia dos repetidores na convivencia (táboa A-56) e tamén, xunto os de BUP-COU-BACH, cren que os que teñen boas cualificacións presentan menos problemas. Tamén son máis estrictos á hora de pensar que hai que tomar medidas en relación cos alumnos/as problemáticos.

Os pais e nais comparten as ideas básicas dos outros sectores, en especial a importancia das familias como condicionante do estilo de convivencia que adopten os seus fillos na escola. Coinciden tamén coa afirmación de que os alumnos con boas notas presentan menos problemas de convivencia. Están en claro desacordo, en cambio, co que sexa útil expulsar da escola por falta de motivación, que os alumnos repetidores causen máis problemas ou que os profesores sexan culpables dos conflitos de convivencia (esta idea, con todo, é algo máis aceptada polos pais con fillos en BUP-COU-BACH) (táboas N-55 e 56).

B.4 RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS

Consideración nº 33: resolución habitual dos conflitos

A alternativa de resolver os conflitos *falando* é a máis destacada (táboa D-71; P-49): falalo coa persoa implicada, con profesores, cos pais, etc. En cam-

bio, rexéitase de forma sistemática a posibilidade de implicar ás instancias tanto intrainstitucionais (comisión de convivencia, consello escolar, etc.) como extrainstitucionais (inspección, etc.).

Os alumnos tamén participan desta visión “dialogante” dos centros escolares cara ós conflitos de convivencia. O estilo básico de actuación é falar cos alumnos/as implicados (táboa A-61). Pero tamén abundan os avisos á dirección (sobre todo na secundaria) e ós seus pais (sobre todo en primaria) (táboa A-62). Normalmente non se acode ás instancias orgánicas institucionais ou extrainstitucionais.

Nas respostas que ofrecen os pais detéctase unha certa distancia con respecto a esta cuestión (moitos/as non responden a cuestión). De todos os xeitos, falalo cos profesores, cos pais e coas persoas implicadas, por esta orde, son as estratexias que eles consideran habituais nos centros dos seus fillos. Pola contra negan que se fale con todos os profesores, que se deixen pasar os problemas ou que se acuda ás instancias oficiais para resolver os conflitos do centro (táboa N-59).

Consideración nº 34: participación dos diversos sectores na resolución dos conflitos de convivencia

Os datos reflicten unha participación moi alta dos equipos directivos e do profesorado e baixa ou moi baixa do alumnado e dos pais (táboa D-77). A importancia da participación do *staff* directivo é máis forte nos centros de secundaria que nos de primaria (táboa D-78) nos que o protagonismo lles corresponde máis ós titores.

Unha perspectiva similar é a que ofrecen os profesores/as (táboa P-55): os que máis participan son os equipos directivos e os que menos as familias. Curiosamente os alumnos participan máis, segundo os profesores, nos centros de primaria que nos de secundaria (táboa P-56) e máis nos centros situados nas vilas que nos de zonas rurais e nos da periferia das cidades (P-57).

Consideración nº 35: forma en que os alumnos afrontan os conflitos

Na perspectiva dos directores, que resulta moi diversa da que ofrecen os outros sectores, os alumnos prefiren dar conta ó centro escolar (ó seu titor ou ó seu profesor) dos problemas que os afectan máis que facelo na casa (táboa D-81). A alternativa de resolver os problemas pola súa conta (que levaría, alo-

menos na perspectiva dos directores, a considerar os perigos dunha certa tendencia ó emprego de violencia e agresións) pasa desapercibida.

A visión dos alumnos con respecto a este punto é bastante diverxente (táboa A-64 e A-65). A postura máis mencionada por eles é que prefiren “arranxalos pola súa conta”, sobre todo os alumnos/as maiores. Resulta pouco habitual acudir á dirección e o mesmo acontece coa posibilidade de contalo na casa (pese a que iso é o que os pais cren que fan os seus fillos).

Os pais presentan unha lectura diferente desta cuestión. Lectura na que eles mesmos (as familias) xogan o papel principal como destinatarios preferentes das confidencias ou solicitudes de axuda dos seus fillos. Na súa perspectiva o que fan os seus fillos é contalo na casa ou ben contarlló ó seu profesor. E o que non acontece é que traten de agachalo, arranxalo pola súa conta ou acudir á dirección do centro escolar (táboa N-65).

A presenza desas modalidades de resolución dos conflitos por parte dos fillos varía segundo o nivel educativo ó que pertencen. Así, mentres falalo na casa é a alternativa máis frecuentemente mencionada polos pais en todos os niveis educativos, a posibilidade de que poidan arranxalo pola súa conta aparece máis nos pais de alumnos maiores (táboa N-66).

Os propios pais, pola súa conta, tamén empregan modalidades propias de afrontar os conflitos nos que se ven implicados os seus fillos. Normalmente tenden a falalo co titor ou co seu propio fillo (aínda que esta opción obtén tamén moitas posturas negativas). O que tenden a evitar é a extensión e publicidade do problema. Acoden, por tanto, pouco á dirección, ou a outras instancias competentes do centro ou da admón. educativa. Tampouco parecen interesados en arranxar os problemas pola súa conta (táboa N-69). Algunhas destas posicións persoais mudan a medida que os fillos van progresando na escolaridade (táboa N-70).

Consideración nº 36: medidas tomadas na institución

Foron, segundo os directores/as, moi escasas en xeral, salvo no que se refire ós avisos ós pais e, en menor medida, as *expulsións de clase* (táboa D-85). As *expulsións* do centro escolar son practicamente inexistentes e as *exclusións temporais* (enviar á casa por uns días) aparecen algo máis en centros de BUP-COU-BACH e nos de FP (táboa D-87) e tamén nos centros da periferia das cidades (táboa D-89).

Os profesores tamén consideran que as medidas mencionadas no estudo a penas foron empregadas nos seus centros nestes dous últimos anos (táboa P-63). Os avisos ós pais son a medida máis frecuente e enviar á dirección ou expulsar do centro, as menos empregadas. A recriminación pública ten algunha presenza na secundaria.

Os alumnos mencionan como máis frecuentes as expulsións de clase e os avisos ós pais (táboa A-67). Pero son relevantes tamén as medidas máis fortes de expulsión total (13,7 % en respostas de moito ou bastante) ou temporal (20 %) dos centros escolares. A tendencia ás sancións é máis mencionada por alumnos da ESO e BUP-COU-BACH (táboa A-68).

Paga a pena tomar en consideración, en relación con este punto, que os alumnos/as se mostran bastante en desacordo coas sancións (45,1 % de desacordo fronte ó 20,4 % de acordo), o que sen dúbida fará estenderse entre eles a idea de ser penalizados inxustamente (táboa A-71). Por outra banda, esta postura de desacordo vai aumentando a medida que se ascende nos cursos escolares acadando o seu máximo nivel en BUP-COU-BACH (táboa A-72).

As entrevistas permitiron analizar cun sentido máis cualitativo e profundo as medidas adoptadas nos centros escolares. Tanto directores como orientadores mostran unha dobre sensación con respecto a este tema: por un lado están satisfeitos pola seriedade con que se aplican pero por outro non poden deixar de considerar algunhas deficiencias importantes tanto nas medidas en si como nos efectos secundarios que provocan. Os textos das entrevistas ofrecen interesantes testemuños con respecto ás medidas disciplinarias adoptadas nos centros nestes dous últimos anos.

Polo xeral, o que se menciona como aspecto negativo é que as medidas actuais son escasas, pouco flexibles e creativas. Por outra banda, nalgúns casos os procesos de apertura e resolución de expedientes eternízase e acaba burocratizándose. Se se producen recursos contra as medidas adoptadas e estas son revogadas prodúcese unha desautorización do consello escolar e enrarácese o clima xeral.

Consideración nº 37: actividades educativas orientadas a reforzar a convivencia

A metade dos profesores aseguran facelas mentres outra terceira parte din que eles non as fan (táboa P-59). De calquera xeito, esas actividades son menos numerosas en BUP-COU-BACH e na FP (táboa P-60), nas zonas rurais e nos centros públicos (táboas P-61 e P-62).

A maior parte dos alumnos subliñan que non existen esas actividades nas súas clases, e mesmo son moito menos frecuentes nos centros da secundaria (carencia que se fai especialmente chamativa nos centros da FP) (táboas A-73 e A-74).

Case a metade dos pais/nais non coñecen este dato. Os que informan ó respecto pertencen sobre todo á primaria e á ESO (táboa N-74) e a centros privados ou concertados (táboa N-76)

Consideración nº 38: estratexias para mellora-la convivencia

A idea de contar con centros e institucións máis pequenas resulta a preferida polos directores/as (táboa D-93) e polo profesorado (táboa P-71). Tamén se valora moito a mellora nos recursos (tanto no que se refire ós recursos do centro como o que afecta ás condicións de traballo dos profesores, aspecto este no que insisten especialmente os profesores).

Cómpre destacar a importancia que tanto directores como profesores lles outorgan á idea da “inserción dos centros escolares na comunidade”. As interpretacións posibles desta liña de mellora poden ser variadas pero supón unha evidente ampliación da perspectiva habitual sobre a escola máis centrada sobre ela mesma que sobre as súas relacións co contorno. E parece obvio que temas como o da convivencia (sobre todo na súa vertente máis conflictiva: agresións, destrozos, maltratos, etc.) require da cooperación de toda a comunidade local.

Pola contra, o aspecto que esperta menos interese en ambos os dous colectivos é o de potenciar unha maior participación dos pais. En primeiro lugar este posicionamento parece contradictorio coa perspectiva de abrir os centros escolares ó seu contorno. Pero, paga a pena considerar a maiores a importancia que a colaboración familias-centros escolares adquire xustamente neste tipo de actuacións educativas. A escola non poderá nunca converterse nunha especie de oasis illado e inmunizado en relación coas dinámicas sociais do seu contorno. Por iso as escolas precisan cada vez máis do establecemento de *redes* de acción educativa nas que estean incluídos tanto os pais-nais coma cantos axentes sociais, culturais, productivos, etc. estean en condicións de achegar a súa colaboración á tarefa global da educación. Nalgúns países europeos, sobre todo en Italia, estase a traballar nesa liña de configurar *sistemas formativos integrados* dos que forma parte a escola pero que abrangue a moitas outras forzas e

institucións sociais e culturais do contorno (dende as familias ata as asociacións sociais, os museos, bibliotecas, agrupacións de empresarios e sindicatos, asociacións profesionais, etc.)

Polo que se refire ós alumnos e alumnas dá a impresión de que teñen claro cómo podería mellorar a convivencia. As súas respostas marcan definidamente a visión positiva ou negativa con respecto ás alternativas mencionadas. Sería positivo, na súa opinión, abrir máis os centros escolares, fomentar a participación, proporcionarlles máis información e darlles máis liberdade. Carecería de incidencia na mellora da convivencia tentar endurecer máis as normas ou ser máis duro cos alumnos. Tampouco consideran positivo darlles máis relevancia ás familias nestes temas (taboa A-76).

Tamén os pais e nais coinciden nalgunhas das cousas mencionadas por directores e profesores: aluden a centros pequenos e pouco masificados (máis respostas neste sentido en BUP-COU-BACH e tamén en primaria+ESO); mellora dos recursos institucionais e unha maior inserción na comunidade. O que lles parece menos impactante na mellora da convivencia é reforzar a disciplina (aínda que este aspecto ten unha valoración maior nos centros de BUP-COU-BACH). Curiosamente, tampouco pensan que darlles ós pais un maior protagonismo poida proporcionarlle un pulo importante á convivencia escolar.

Dentro do abano de posibilidades de mellora que aparecen nas entrevistas cómpre salientar as importantes coincidencias que se producen con respecto ós datos obtidos a través dos cuestionarios. En concreto, aspectos como o *tamaño dos centros* (e a importancia de reduci-lo para convertelos en institucións que faciliten un trato máis persoal e cordial entre todos), a *inserción* dos centros escolares no seu contorno, a *incorporación doutros axentes sociais* (traballadores sociais, médicos, personaxes da cultura ou do mundo laboral) ó labor educativo dos centros, reforzamento dos *sistemas de coordinación* e da *acción tutorial*, etc. constitúen temáticas recorrentes tanto nos cuestionarios coma nas entrevistas.

Consideración nº 39: a importancia dos servizos de apoio á convivencia

Un aspecto ó que se lle ten concedido moita importancia nas entrevistas é a necesidade de servizos de apoio que funcionen ben e que asuman compromisos de cooperación cos profesores e cos alumnos na procura dunha mellor convivencia.

Esta solicitude de maiores compromisos afecta os departamentos de orientación, a inspección, e os servicios de que se poida dispoñer en cada caso (dende equipos médicos ata departamentos universitarios, traballadores sociais, etc.).

